



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Bases reguladoras para a elaboración dunhas listaxes de agarda de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de docente AFD que se desenvolvan no Centro Municipal de Formación do Concello de Carballo

ANUNCIO

Por Resolución da Alcaldía do Concello de Carballo núm. 3022/2025 de 20/10/2025 aprobáronse as bases reguladoras da convocatoria pública e do proceso selectivo para a elaboración de listaxes de agarda de funcionarios/as interinos/as para cubrir prazas de DOCENTES PARA IMPARTIR as ACCIÓNS FORMATIVAS DO SISTEMA DE FORMACIÓN PROFESIONAL DO GRADO C seguintes:

- Cociña (HOTR0408)
- Operacións básicas de cociña (HOTR0108)
- Soldadura por arco baixo gas protector con electrodo non consumible, soldeo “TIG” (FMEC0219_2)
- Soldadura por arco baixo gas protector con electrodo consumible, soldeo “MIG MAG” (FMEC0119_2)
- Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS0208)
- Operacións auxiliares de montaxe de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións en edificios (ELES0208)

As bases están dispoñibles na **Sede electrónica do concello de Carballo** e na páxina web municipal (www.carballo.gal).

O **prazo de presentación de instancias** é de **dez (10) días hábiles** contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

Os sucesivos anuncios relativos a estas convocatorias, cando procedan de conformidade coas bases, faranse públicos na Sede electrónica do concello, sen prexuízo de calquera outro medio de difusión que se considere oportuno.

Carballo, 22 de outubro de 2025

Alcalde

José Daniel Pérez López

2025/6937